

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

No segundo trimestre deste ano tivemos algunhas dificultades para levar a cabo as actividades programadas. Coa voda de Alberto e Raquel, aos que felicitamos desde a Cultural, e as correspondentes despedidas e outros compromisos duns e doutros membros da Directiva non foi posible realizar nin a maratón fotográfica, nin a subida ao Galleiro, nin a excursión aos muíños do Folón, nin a Festa da Bicicleta. Debido a outros imprevistos non lle foi posible vir ás persoas que ían dar a charla sobre a restauración dos muíños de Cans, e unha defunción na familia do Sr. Alberto impediunos visitar a súa finca en Canedo. Sabemos que boa parte da programación quedou sen executar pero, ás veces, hai que adaptarse ás circunstancias e as nosas neste trimestre non foron nada propicias para unha actividade cultural regular. Tampouco este trimestre vai ser moi propicio para recuperar estas actividades polas vacacións e polos días festivos (25 de xullo e 15 de agosto, luns en ámbolos dous casos) que serán aproveitados por moitos para coller uns días de merecido descanso. De todas formas intentaremos realizar estas actividades que quedaron pendentes tan pronto como nos sexa posible.

Noutro orde de cousas vos informamos de que a nosa insistencia na solicitude de axudas trouxo os seus resultados. Temos comunicación de que imos recibir unha axuda duns 800 € e outra duns 300 €. Non é moita contía pero anima a seguir traballando. Tamén animan as loubanzas á nosa programación cultural feitas polo actual Alcalde de Pontearreas, D. Salvador González Solla, feitas por escrito en resposta ao envío de tódolos números de *O Casino* editados ata agora.

Neste número publicamos na sección de colaboracións literarias as poesías presentadas por Montse e máis Lolo ao concurso de poesía celebrado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, adicado este ano a Lorenzo Varela. Tamén seguimos coa sección de recetas, esta vez obra de Estrella.

Tamén vos presentamos o catálogo dos libros que temos na Biblioteca. A partir do 8 de xullo vai funcionar tódolos venres en horario de 21'00 a 23'00 horas. ¡Anímate!



Neste exemplar:

- | | |
|---|------------------------------------------|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Colaboracións literarias (Lolo e Montse) |
| 5 | Receitas de Couso (Estrella) |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Domingo, 10 de xullo,
ás 09'30 horas

Festa da Bicicleta



Percorrido en bicicleta polos arredores de Couso para tódalas edades. Se te lembrás de onde a tés, saca a túa bicicleta e Participa.


Venres, 15 de xullo, ás 21'30 horas

Charla sobre a restauración dos muíños de Cans



Os encargados da restauración dos muíños de Cans e doutras parroquias do Porriño darán unha charla sobre a súa experiencia

Rastreo



Actividade consistente en esconder algunha cousa nos arredores e dar pistas (máis ou menos boas) para atopala. Pode transcorrer parte de día e parte de noite.

Venres, 5 de agosto

3º TRIMESTRE 2005

Domingo, 4 de setembro

Excursión ao Grove e á Toxa



Excursión en bus a península do Grove, con visitas ao aquarium, A Toxa, parque natural da desembocadura do Umia e unha bodega.

Festa dos maiores




Serán de homenaxe ós nosos maiores con diversas actividades e paparota.

Domingo, 25 de setembro,
a partir das 18'00 horas.

Domingo, 31 de xullo,
ás 9'30 horas

II Maratón Fotográfico San Martiño de Couso



Concurso fotográfico consistente en facer un número de fotos nun tempo determinado sobre temáticas decididas polos organizadores, ás veces coñecidas de antemán polos participantes e ás veces comunicadas no momento

Sendeirismo



Buscaremos algún domingo "libre" para non perder a práctica do sendeirismo. Anunciarase con antelación.

Domingo, sen determinar,
ás 9'00 horas

Colaboracións literarias

A SOIDADE

**Ven amiga soidade
que non quero estar solo
abrázame co teu silencio
adorméceme no teu colo**

**Arranca de min as tristezas
resucita os meus recordos
emborrachate coa miña dor
¡ dime que non estou loco!**



**Amiga soidade
libro sen palabras
cofre dos meus recordos
praia da miña nostalxia
escrava dos meus tormentos
princesa da miña esperanza**

**Ti que vives na miña fantasía
que navegas polo mar dos meus
soños
ladroa de ilusións perdidas
¡ dime que non estou loco!**

**Ven amiga soidade
unamos o noso destino**

**encadenemos as nosas almas
andemos un solo camiño**

**Eu quero acariciar a lúa
cabalgar sobre os cometas
navegar polo universo
romper as miñas cadeas**

**Nos teus brazos soidade
olvidarme das penas
que me levan a ese xardín
donde florecen as perlas**



**Buscar nos mares
ás invisibles sereas
dormir na praia
sobre a húmeda area
abanado polas ondas
soñando coas estrelas**

**Espíritu bohemio
locura da sinrazón
fantasia,maxia,aventura
nostalgia, amargura,ilusión**



Errante corazón de poeta
 alma de trovador
 tormenta de amores
 Volcán de pasión
 todo isto, soidade
 todo isto, eu son

Quédate soidade
 non me deixes solo
 timón do meu barco
 berce dos meus soños
 ti que non sintes nada
 Pero que o sabes todo
 romántica amante
 dun corazón loco.

Lolo Giráldez

Anhelo dun vello

Sendeiro valdeiro,
 camiñar de vagar,
 farelos de mañanciña,
 lume acceso ó espertar.



Lentos movementos,
 palabras por escoitar,
 rincóns que gardan historias,
 maiores que pagarían por falar.

Recordos escondidos
 desexos incumplidos
 amores perdidos
 que non falarán xamáis

Sendeiro baleiro,
 camiño baleiro,
 que mostra o final.....

Montse Groba



Receitas de Couso

BIZCOITO DE LARANXA

Ingredientes:

4 ovos
 4 vasos de fariña
 3 vasos de azucre
 1 vaso de zume de laranxa
 ½ vaso de aceite de fritar
 a raiadura dun limón
 1 sobre de levadura(royal)

Preparación:

Mezclanse todos os ingredientes, unha vez que temos a masa bótase nun molde untado con manteiga para que despois desmoldee ben e introdúcese no forno xa quente (180-200º) durante 25-30min aproximadamente.

Estrella

Actividades realizadas



Sábado, 30 de abril e domingo, 1 de maio: exposición dos traballos realizados nos cursos de arte floral e punto de cruz.

Enchemos toda a sala de reunións con traballos de persoas de tódalas idades. Compre agradecer a Montse e a Cati o esforzo e o tempo empregados na preparación e impartición destes cursos dun xeito desinteresado.



Domingo, 8 de maio: Sendeirismo polo camiño que partindo de enfrente da canteira vai por debaixo da Pena Aguda, do Corucho e do San Cibrán.



Martes, 17 de maio: Día das Letras Galegas. Exposición da vida e obra de Lorenzo Varela. Xantar a base de xabarín, donado por Carlos Carballido, a quen lle agradecemos o detalle, así como ao cociñeiro Xelo e a todas as persoas que dunha maneira ou doutra colaboraron na preparación desta festa. Na sobremesa Montse e máis Lolo fixeron unha breve semblanza da obra de Lorenzo Varela e leron as poesías que presentaran a concurso e que se publican neste número de *O Casino*.

Domingo, 19 de xuño: Sendeirismo. Fixemos o Sendeiro do Tea, entre as pontes dos Remedios e das Partidas, todo pola beira do río. Uns 9 kilómetros, ida e volta.

Xoves, 23 de xuño: Comimos sardiñas con pan de millo feito pola avoa de Eladio, á que lle agradecemos tamén a súa colaboración, ao tempo que a felicitamos porque estaba moi bó. Ás 12, máis ou menos, prendimos a fogueira para espantar aos malos espíritus. Como estaba todo moi seco a fogueira non puido ser moi grande, pero o que non faltaron foron candidatos para saltala.

PARTICIPADE:

Para facerse socios só hai que poñerse en contacto con algún membro da Directiva da Asoc. Cultural.

Podedes achegar tódalas vosas colaboracións e deixalas no buzón da Casa Cultural ou darllas a calquera membro de Directiva